

D. Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 14 de xaneiro de 2021 e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura electrónica do sobre A, correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para o Servizo de mantemento e soporte para os equipos de electrónica de rede da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2020035597).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº2020004636 de data 16/12/2020, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, do *Servizo de mantemento e soporte para os equipos de electrónica de rede da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2020035597).*

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16/12/2020. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación obsérvase que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto.



A Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación que se declare Deserto o procedemento aberto simplificado, convocado para a contratación do Servizo de mantemento e soporte para os equipos de electrónica de rede da Deputación de Pontevedra, por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, a catorce de xaneiro de dous mil vinte e un.

